

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Educación: Novas tecnoloxías aplicadas á educación primaria				
Materia	Educación: Novas tecnoloxías aplicadas á educación primaria			
Código	O05G120V01202			
Titulación	Grao en Educación Primaria			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	FB	1	2c
Lingua de impartición	Galego			
Departamento	Didáctica, organización escolar e métodos de investigación			
Coordinador/a	Raposo Rivas, Manuela			
Profesorado	Raposo Rivas, Manuela			
Correo-e	mraposo@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Esta materia cumpre un papel fundamental derivado do seu carácter instrumental e formativo: - Ten un carácter instrumental porque traballa as competencias necesarias para o manexo das tecnoloxías como ferramentas para a busca, o tratamento, a organización e a representación da información. Neste senso, serve de apoio a outras materias do plano de estudos. - Ten un carácter formativo porque ofrece unha nova visión de como ensinar e como aprender na escola dentro da sociedade da información e o coñecemento. Nesta materia terás a oportunidade de coñecer, analizar e valorar cal é o novo papel do profes@r, d@s alumn@s e dos elementos que configuran o acto didáctico, cal é a nova maneira de ensinar e aprender coa tecnoloxía. Así coñecerás, novos recursos didácticos con base tecnolóxica, como deseñar e elaborar materiais didácticos empregando a tecnoloxía, que estratexias de traballo empregar coas novas tecnoloxías na escola,... Por último, como mestr@ será necesario que sexas capaz de axudar aos teus alumn@s a desenvolverse nesta nova contorna tecnolóxica pero cunha visión crítica e reflexiva, que lle permita descubrir nas tecnoloxías unha ferramenta non só para o tempo de lecer, senón tamén para a súa formación como cidadáns libres e responsables.			

Competencias	
Código	
A1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
A2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
A5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
B1	Coñecer as áreas curriculares da Educación Primaria, a relación interdisciplinar entre elas, os criterios de avaliación e o corpo de coñecementos didácticos ao redor dos procedementos de ensino e aprendizaxe respectivos
B2	Deseñar, planificar e avaliar procesos de ensino e aprendizaxe, tanto individualmente como en colaboración con outros docentes e profesionais do centro
B3	Abordar con eficacia situacións de aprendizaxe de linguas en contextos multiculturais e plurilingües. Fomentar a lectura e o comentario crítico de textos dos diversos dominios científicos e culturais contidos no currículo escolar

B4	Deseñar e regular espazos de aprendizaxe en contextos de diversidade e que atendan á igualdade de xénero, á equidade e ao respecto aos dereitos humanos que conformen os valores da formación cidadá
B5	Fomentar a convivencia na aula e fóra dela, resolver problemas de disciplina e contribuir á resolución pacífica de conflitos. Estimular e valorar o esforzo, a constancia e a disciplina persoal nos estudantes
B6	Coñecer a organización dos colexios de educación primaria e a diversidade de accións que comprende o seu funcionamento. Desempeñar as funcións de titoría e de orientación cos estudantes e as súas familias, atendendo as singulares necesidades educativas dos estudantes. Asumir que o exercicio da función docente ha de ir perfeccionándose e adaptándose aos cambios científicos, pedagóxicos e sociais ao longo da vida
B7	Colaborar cos distintos sectores da comunidade educativa e do contorno social. Asumir a dimensión educadora da función docente e fomentar a educación democrática para unha cidadanía activa
B8	Manter unha relación crítica e autónoma respecto dos saberes, os valores e as institucións sociais públicas e privadas
B9	Valorar a responsabilidade individual e colectiva na consecución dun futuro sustentable
B10	Reflexionar sobre as prácticas de aula para innovar e mellorar o labor docente. Adquirir hábitos e destrezas para a aprendizaxe autónoma e cooperativa e promovela entre os estudantes
B11	Coñecer e aplicar nas aulas as tecnoloxías da información e da comunicación. Discernir selectivamente a información audiovisual que contribúa ás aprendizaxes, á formación cívica e á riqueza cultural
B12	Comprender a función, as posibilidades e os límites da educación na sociedade actual e as competencias fundamentais que afectan aos colexios de educación primaria e aos seus profesionais. Coñecer modelos de mellora da calidade con aplicación aos centros educativos
C1	Comprender os procesos de aprendizaxe relativos ao periodo 6-12 no contexto familiar, social e escolar
C2	Coñecer as características destes estudantes, así como as características dos seus contextos motivacionales e sociais
C5	Coñecer as propostas e desenvolvementos actuais baseados na aprendizaxe de competencias
C6	Identificar e planificar a resolución de situacións educativas que afectan a estudantes con diferentes capacidades e distintos ritmos de aprendizaxe
C7	Analizar e comprender os procesos educativos no aula e fóra dela relativos ao periodo 6-12
C8	Coñecer os fundamentos da Educación Primaria
C9	Analizar a práctica docente e as condicións institucionais que a enmarcan
C11	Coñecer os procesos de interacción e comunicación no aula
C13	Promover o traballo cooperativo e o traballo e esforzo individuais
C15	Coñecer e abordar situacións escolares en contextos multiculturales
C16	Deseñar, planificar e evaluar a actividade docente e a aprendizaxe no aula
C17	Coñecer e aplicar experiencias innovadoras en Educación Primaria
C19	Coñecer e aplicar metodoloxías e técnicas básicas de investigación educativa e ser capaz de deseñar proxectos de innovación identificando indicadores de avaliación
C23	Analizar e incorporar de forma crítica las cuestiones más relevantes de la sociedad actual que afectan a la educación familiar y escolar: impacto social y educativo de los lenguajes audiovisuales y de las pantallas; cambios en las relaciones de género e intergeneracionales; multiculturalidad e interculturalidad; discriminación e inclusión social y desarrollo sostenible
C30	Desenvolver e evaluar contidos do currículo mediante recursos didácticos apropiados e promover a adquisición de competencias básicas nos estudantes
C37	Desenvolver e evaluar contidos do currículo mediante recursos didácticos apropiados e promover as competencias correspondentes nos estudantes
C66	Participar nas propostas de mellora nos distintos ámbitos de actuación que se poidan establecer nun centro
D1	Capacidade de análise e síntese
D2	Capacidade de organización e planificación
D3	Comunicación oral e escrita na lingua materna
D4	Coñecemento de lingua estranxeira
D5	Coñecemento de informática relativos ao ambito de estudo
D6	Capacidade de xestión da información
D7	Resolución de problemas
D8	Toma de decisións
D9	Traballo en equipo
D12	Habilidades nas relacións interpersoais
D13	Recoñecemento da diversidade e multiculturalidade
D14	Razoamento crítico
D15	Compromiso ético
D16	Aprendizaxe autónoma
D17	Adaptación a novas situacións
D18	Creatividade
D22	Motivación pola calidade

Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe

Analizar o contexto da actual sociedade da información e reflexionar sobre a nova contorna social e educativo que xeran as Tecnoloxías da Información e a Comunicación (TIC), dando lugar á necesidade de adquirir novas competencias persoais e profesionais.	A1 A3	B1 B2 B6 B9 B10	C1 C2 C7 C8 C9 C11 C17 C19	D2 D6
Analizar as linguaxes audiovisuais e as súas implicacións educativas.	A1 A2 A3	B1 B6	C2 C5 C7 C8 C9 C23	D1 D6
Construír unha base de coñecementos, actitudes e habilidades técnicas útiles para o futuro mestre no desenvolvemento da súa actividade profesional que lle permitan unha adecuada utilización dos recursos tecnolóxicos ao seu alcance, analizando e reflexionando sobre as implicacións que dita utilización ten no deseño e desenvolvemento curricular.	A1 A2 A3 A4 A5	B1 B2 B6 B9 B10 B11	C2 C5 C7 C8 C9 C11 C15 C17 C19	D1 D2 D5 D6 D9 D16 D22
Ser capaz de buscar, seleccionar e avaliar ou deseñar e construír materiais didácticos en soporte tecnolóxico adaptados ás características dos alumnos e dos contidos de aprendizaxe, así como de realizar unha proposta didáctica de integración curricular en contextos específicos.	A2 A3 A4	B1 B2 B3 B4 B6 B7 B10 B11 B12	C2 C5 C6 C7 C8 C9 C11 C13 C15 C16 C17 C19 C23	D1 D2 D3 D4 D5 D6 D7 D8 D9 D12 D13 D14 D15 D16 D17 D18 D22
Aplicar os medios de comunicación da rede ao proceso de ensino-aprendizaxe.	A1 A2 A3 A4 A5	B1 B2 B3 B4 B6 B7 B8 B9 B10 B11 B12	C2 C5 C6 C7 C8 C11 C17 C19 C23	D1 D7 D8 D14 D15 D22
Abordar a produción de materiais tecnolóxicos e/ou adaptalos desde alternativas creativas e innovadoras.	A1 A2 A3 A4 A5	B1 B2 B3 B4 B6 B7 B8 B9 B10 B11 B12	C2 C5 C6 C7 C8 C9 C11 C13 C15 C16 C17 C19 C23 C30 C37 C66	D1 D2 D3 D4 D5 D6 D7 D8 D9 D12 D13 D14 D15 D16 D17 D18 D22

Desenvolver as capacidades de colaboración, participación activa e traballo en equipo como instrumentos básicos da formación como futuros docentes e tomar conciencia de que o ensino é un labor de equipo.	A3 A5	B5 B6 B9	C11 C16	D8 D9 D12 D13 D15 D16
Analizar e avaliar materiais dixitais identificando os seus puntos fortes e débiles para integralos no proceso de ensino-aprendizaxe.	A1	B1 B2 B10 B12	C9 C11 C16 C23	D1 D14 D16 D22
Traballar autónomamente, cun posicionamento académico e unha actitude investigadora ante os procesos educativos en xeral e a educación virtual ou e-learning, en particular.	A1 A5	B1 B12	C19 C23	D14 D15 D16 D17 D22

Contidos

Tema	
Tema 1: As TIC na sociedade da información	1.1. Alfabetización tecnolóxica e a competencia dixital 1.2. Impacto social e educativo da cultura audiovisual e dixital 1.3. Papel dos centros educativos na sociedade da información
Tema 2: A integración das TIC en contextos educativos	2.1. Factores que inflúen na súa integración 2.2. Perspectivas curriculares e modelos de integración do TIC 2.3. Proxectos nacionais de implantación do TIC nos centros e Proxecto Abalar/EDixgal en Galicia
Tema 3: Recursos multimedia para a educación primaria	3.1. Concepto, clasificación e características dos multimedia educativos. 3.2. Funcións e orientacións para o uso didáctico do multimedia educativo. 3.3. Selección e avaliación de multimedias educativos. 3.4. Deseño e elaboración de materiais didácticos multimedia.
Tema 4: Recursos web para a educación primaria	4.1. Aplicacións educativas da Web 2.0 e traballo colaborativo na rede. 4.2. Metodoloxías de traballo con Internet na aula: webquest, cazas do tesouro... 4.3. Seguridade da infancia en Internet 4.4. Contornas virtuais de ensino-aprendizaxe
Tema 5: Novos recursos para o proceso de ensino- aprendizaxe	5.1. Do libro de texto ao libro dixital 5.2. O Encerado Dixital na aula. Metodoloxía de traballo 5.3. Dispositivos móbiles, m-learning e realidade aumentada. 5.4. Videoxogos e gamificación 5.5. Robótica
Tema 6: A linguaxe e os medios de comunicación de masas en educación primaria	6.1. Lectura de imaxes. A imaxe dixital. 6.2. Novas narrativas audiovisuais: videoclips e podcast. 6.3. A televisión e a publicidade na aula. 6.4. Utilización educativa do vídeo e do cinema.
Tema 7: Inclusión educativa con apoio das TIC	7.1. As tecnoloxías de apoio á diversidade: tipoloxías e funcións. 7.2. Experiencias de integración das TIC para a inclusión educativa.
Tema 8: A avaliación e a tutoría a través das TIC	8.1. O portafolio e a rúbrica electrónica para a avaliación e seguimento da aprendizaxes 8.2. A acción titorial mediada por TIC
PARTE PRÁCTICA: Proponse as seguintes temáticas para os proxectos de traballo.	As prácticas, que se concretarán na primeira semana de clase en función dos coñecementos previos dos alumnos/as e a disponibilidade de recursos, serán proxectos de traballo individuais ou en pequeno grupo. Elabórase un E-PORTFOLIO ao longo do cuadrimestre, que contén, entre outros, a colección ou compilación en formato dixital de cada un dos recursos ou actividades elaboradas e reflexións derivadas. A parte práctica da materia será exposta oralmente ao final do cuadrimestre.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Prácticas con apoio das TIC	28	42	70
Aprendizaxe colaborativa	4	9	13
Lección maxistral	21	33	54
Exame de preguntas obxectivas	1	12	13

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Prácticas con apoio das TIC	Actividades de aplicación dos coñecementos a situacións concretas e de adquisición de habilidades básicas e procedimentais relacionadas coa materia. Desenvólvense a través das TIC de forma autónoma.
Aprendizaxe colaborativa	Actividades ou técnicas de traballo colaborativo entre o alumnado, con diferentes tamaño de agrupamento, sobre o contido da materia para favorecer o proceso de aprendizaxe.
Lección maxistral	Exposicións sobre contidos da materia, bases teóricas e/ou directrices dun traballo, exercicio ou práctica a desenvolver individual ou grupalmente.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Lección maxistral	Resolución de dúbidas que poidan xurdir durante o desenvolvemento dos contidos da materia.
Aprendizaxe colaborativa	Orientación en pequenos grupos durante a resolución das tarefas sobre os proxectos de prácticas
Prácticas con apoio das TIC	Resolución de dúbidas que poidan xurdir durante o desenvolvemento das prácticas da materia. Orientación e asesoramento para o desenvolvemento dos proxectos de traballo.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Prácticas con apoio das TIC	Traballo, presentación e exposición oral do proxecto de prácticas realizado apoiándose nun multimedia e nun póster científico	50	A1 A2 A3 A4 A5	B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B9 B10 B11 B12	C1 C2 C5 C6 C7 C8 C9 C11 C13 C15 C16 C17 C19 C23 C30 C37 C66	D1 D2 D3 D4 D5 D6 D7 D8 D9 D12 D13 D14 D15 D16 D17 D18 D22
Aprendizaxe colaborativa	Traballos realizados colaborativamente	10	A4	B10 B12	C13 C17	D5 D6 D9 D12
Exame de preguntas obxectivas	Proba tipo test de elección múltiple sobre os contidos teóricos da materia.	40	A1	B1 B2 B6 B10 B12	C2 C5 C6 C8 C11 C15 C17 C19	D1 D2 D3 D4 D5 D14 D15

Outros comentarios sobre a Avaliación

Para superar a materia é necesario ter unha puntuación mínima na teoría (2'5 puntos de 5 puntos de teoría, obtendo mínimo no exame 2 puntos) e nas prácticas (2'5 puntos de 5 puntos de prácticas).

As partes da materia superadas na 1ª oportunidade, non serán obxecto de avaliación na 2ª, considerándose, polo tanto, como aprobadas no curso académico.

A avaliación para o alumnado asistente e non asistente é a mesma. Para ser calificados/as a través da avaliación continua requirirase a asistencia alomenos, ao 80% das sesións de prácticas e teóricas respectivamente. Outras situacións excepcionais que merezan un trato específico, analizaranse no seu momento.

As competencias non adquiridas serán avaliadas en 2ª convocatoria e, de non aprobarse, entón non se gardarán as notas para a seguinte convocatoria. Segundo a normativa vixente, con independencia da súa asistencia ou non a clases, o alumnado gozará de condicións equivalentes de avaliación.

Pódense consultar as datas dos exámenes na páxina web da Facultade, na sección de Educación Primaria, apartado datas Exames

En coherencia co carácter inclusivo que caracteriza a Facultade de Educación e Traballo social, esta guía poderá ser adaptada para atender ás necesidades específicas de apoio educativo que presente o alumnado adscrito ao programa PIUNE (PAT).

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Raposo-Rivas, M.; Cebrián de la Serna, M. (coords.), **Tecnologías para la formación de educadores en la sociedad del conocimiento.**, Pirámide, 2020

Gallego-Arrufat, M.J.; Raposo-Rivas, M. (coords.), **Formación para la educación con tecnologías**, 2016

Cebrian De la Serna, M.; Gallego Arrufat, M.J. (coords.), **Procesos educativos con TIC en la sociedad del conocimiento**, 2011

Bibliografía Complementaria

Raposo Rivas, M., **TIC e TAD como obxecto de investigación e de intervención en educación**, 2014

Martínez Figueira, M.E. (coords.), **TIC para a inclusion de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo**, 2013

Raposo Rivas, M.; Martínez Figueira, M.E. (coords.), **As TIC e as suas aplicacions na aula: mision posible**, 2012

Raposo Rivas, M., **Novas tecnoloxias aplicadas a educacion: aspectos tecnicos e didacticos**, 2002

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Innovación e investigación didáctica/O05G120V01504
Prácticas externas: Practicum/O05G120V01981
Traballo de Fin de Grao/O05G120V01991

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Educación: Deseño e desenvolvemento do currículo da educación primaria/O05G120V01201
Educación: Fundamentos didácticos e organizativos do ensino/O05G120V01101

Outros comentarios

RECOMENDACIÓN:
1) Actitude favorable e receptiva para a experimentación e exploración das posibilidades que ofrecen as tecnoloxías no campo educativo.
2) Asistencia continua ás sesiones de teoría e prácticas. A asistencia considérase fundamental para o seguimento da materia por parte do alumnado e para avaliación, por parte dos docentes, do grao de desenvolvemento das capacidades instrumentais e procedimentais.
3) Que o alumnado non asistente o comunique durante o primeiro mes de clase para determinar as alternativas metodolóxicas e de avaliación que se van seguir.
4) Esta materia enmárcase nunha Facultade comprometida coa sustentabilidade da contorna e das persoas. Atendendo a esta filosofía, esta materia promoverá prácticas educativas en base a materiais de baixo impacto ambiental en coherencia cos principios de sustentabilidade (ODS) .
5) Esta materia forma parte do proxecto de innovación docente da Facultade de Educación e Traballo Social